



Galicia Dixital.

Tecnoloxías Disruptivas nas empresas de Galicia

Edición 2024



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia Dixital. Tecnoloxías Disruptivas nas empresas de Galicia

Edición 2024

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización
de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Consellería de Facenda e Administración Pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2025

Índice de contidos

Índice de contidos.....	4
I. Introdución	5
II. Tecnoloxías disruptivas nas empresas	7
II.I. Intelixencia Artificial.....	7
II.II. Cloud computing.....	15
II.III. Uso, intercambio, analítica e comercio de datos	19
III. Conclusións.....	25
IV. Índice de gráficas.....	27

I. Introducción

Neste informe preséntase o seguimento e avaliación anual dos indicadores relativos á expansión das tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial galego.

Este informe ven enmarcado dentro dos obxectivos e estratexias da Estratexia Galicia dixital 2030. Dentro do obxectivo de “desenvolvemento do ecosistema dixital en Galicia”, a EGD2030 define numerosas actuacións enmarcadas na “dixitalización empresarial, cambios dos procesos organizativos”. Moitos deses avances poden ser medidos e avaliados a través dos datos que se difunden neste documento.

O obxectivo principal desta análise é identificar o grao de adopción das tecnoloxías que son compiladas na enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas que elabora o INE. Na edición de 2024 inclúe a análise do uso da Intelixencia Artificial, Cloud Computing e analítica de datos.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), é o responsable de realizar este informe tomando como referencia os resultados do estudo “Galicia. A economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia . Edición 2024”¹


Este documento analiza en detalle información cuantitativa de microempresas (menos de 10 traballadores/as) e de empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada coas tecnoloxías disruptivas das que dispoñen en 2024.

Ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

-  Empresas con sede en Galicia, de menos de 10 empregados e de 10 ou máis empregados.
-  Empresas con 10 ou máis empregados con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Os indicadores que se presentan neste documento explotan os datos achegados no marco do convenio de colaboración entre Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

¹ https://www.osimga.gal/sites/default/files/fc_documentos/202505_informe-empresas2025.pdf



II. Tecnoloxías Disruptivas nas empresas

II. Tecnoloxías disruptivas nas empresas

II.1. Intelixencia Artificial

A Intelixencia Artificial (IA) engloba un conxunto de tecnoloxías —como a minería de texto, visión artificial, recoñecemento de voz, xeración de linguaxe natural, machine learning ou deep learning— que permiten recompilar e analizar datos para predicir, recomendar ou tomar decisións de forma máis ou menos autónoma, orientándose á consecución de obxectivos concretos.


Estas solucións poden materializarse tanto en aplicacións de software —como asistentes virtuais, chatbots, sistemas de recoñecemento facial ou tradución automática— como en dispositivos físicos, como robots, cámaras, dispositivos de voz e son, ou vehículos autónomos aplicados á industria e a loxística.

No contexto empresarial, a Intelixencia Artificial (IA) está a consolidarse como unha ferramenta clave para mellorar procesos internos, optimizar o uso dos recursos e reforzar a competitividade das organizacións. Coa súa aplicación en ámbitos como a automatización, a análise de datos ou a toma de decisións, a IA ofrece novas oportunidades para o desenvolvemento do tecido produtivo.

Neste marco, resulta relevante analizar o nivel de adopción destas tecnoloxías nas empresas galegas. Segundo os datos de 2024, en Galicia o 13,1% das empresas con 10 ou máis traballadores/as que teñen sede ou operan na Comunidade empregan solucións baseadas na Intelixencia Artificial, superando en 3,5 puntos porcentuais a media estatal Pola súa parte, nas empresas de menor tamaño —con menos de 10 empregados/as— o uso da IA permanece por debaixo do 6%, superando aínda así amplamente o dato de 2023.

Estes datos amosan unha tendencia ascendente no último ano, aínda que con marxe de expansión, especialmente nas pequenas empresas


G. 1. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA)



Fonte: INE (2024)

G. 2. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE

G. 3. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Atendendo ao sector da actividade, as empresas galegas do sector Servizos con 10 ou máis empregados/as e actividade en Galicia, son as que lideran o uso da Intelixencia Artificial, converténdose no ámbito empresarial que máis recorreu a estas solucións no último ano. Esta tendencia tamén se reproduce entre as microempresas, onde o sector Servizos destaca como o principal usuario de tecnoloxías baseadas na IA, seguido a pouca distancia da industria.

G. 4. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

G. 5. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)




Fonte: INE (2024)

As empresas de 10 ou máis empregados/as da Coruña son as que máis utilizan IA. Entre as microempresas, en Pontevedra é onde máis utilizan a Intelixencia Artificial en Galicia no ano 2024.

G.6. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

Entre as empresas galegas con 10 ou máis traballadores/as que utilizan Intelixencia Artificial, a aplicación máis estendida é a análise de datos, unha ferramenta clave para optimizar a toma de decisións e mellorar a eficiencia dos procesos. Porén, é seguida moi de preto por outras tecnoloxías. Pódese dicir que a tendencia é o uso de diversas tecnoloxías de IA de forma simultánea ou coordinada.

Pola súa parte, nas microempresas que fan uso da IA, a solución máis empregada céntrase na conversión da linguaxe falada a un formato lexible para a máquina, o que reflicte un enfoque máis orientado á mellora da comunicación e á interacción cos sistemas mediante a voz.

G.7. Solucións de IA nas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

As empresas galegas con 10 ou máis traballadores/as que incorporan Intelixencia Artificial adoitan empregala en ámbitos relacionados coa seguridade das TIC, as actividades de I+D ou os procesos de produción, sectores nos que a IA aporta un valor diferencial na optimización e protección das operacións.

En cambio, nas microempresas que utilizan estas tecnoloxías, o uso da IA céntrase maioritariamente na xestión contable, de control ou financeira, reflectindo unha aplicación máis orientada á mellora da eficiencia administrativa e ao apoio na toma de decisións económicas. Séguese de cerca o uso en Procesos de produción e a administración e xestión empresarial.

G.8. Usos da IA nas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

Entre as empresas galegas que fan uso da Intelixencia Artificial, unha proporción significativa opta por solucións comerciais xa desenvolvidas. No caso das empresas con 10 ou máis empregados/as, máis do 45% adquiriron paquetes de IA listos para usar. Esta tendencia é aínda máis acusada nas microempresas (menos de 10 empregados/as), onde a porcentaxe alcanza o 53,7%.

Estes datos suxiren unha preferencia xeneralizada, especialmente nas empresas de menor tamaño, por solucións de IA preconfiguradas que non requiren desenvolvemento interno, o que podería estar relacionado con limitacións de capacidade técnica ou recursos para personalizacións avanzadas.

G.9. Tipoloxía de paquetes de intelixencia artificial nas empresas


(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

A adopción da IA nas empresas galegas segue a ser incipiente: só o 2,4% das microempresas e arredor do 6% das empresas con 10 ou máis traballadores/as valoraron adquirir algunha destas tecnoloxías.


G.10. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial



G.11. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial




G.12. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial



O principal motivo polo que non se utiliza IA nas empresas galegas é a falta de coñecemento, tanto nas grandes coma nas pequenas. Nas de 10 ou máis traballadores, aluden a continuación á calidade e á seguridade de datos. Nas pequenas destacan o custo e as consecuencias legais.

G.13. Empresas que non usan IA: Motivos para non utilizar IA

(% sobre o total de empresas que non utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)



Fonte: INE (2024)


II.II. Cloud computing

O Cloud Computing está a consolidarse como un dos piares fundamentais da transformación dixital no tecido empresarial galego. Esta tecnoloxía ofrece ás empresas maior flexibilidade e eficiencia, ademais de facilitar o acceso a solucións avanzadas como a Intelixencia Artificial, o Big Data ou o Internet das Cousas, sen necesidade de grandes investimentos iniciais. Mellora a seguridade e a interconexión entre empresas ou dentro da empresa, entre as diferentes sedes e a xente que traballa en dispositivos remotos ou portátiles.

No 2024 a compra de servizos de Cloud Computing aumentaron nun 16,5% nas empresas de 10 ou máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia, acadando o 36,1% e superando a media estatal (31,7%). Nas microempresas a compra destes servizos acada o 6,1%.

G.14. Compra de Servizos de Cloud Computing


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)

G. 15. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE

No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

G. 16. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE

No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

Segundo o sector de actividade, destacan novamente as empresas galegas de 10 ou máis empregados do sector Servizos, que lideran a contratación de solucións de Cloud Computing no último ano, superando o 35%.

G.17. Compra de Servizos Cloud Computing segundo a Actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

Entre as empresas galegas de máis de 10 traballadores/as, o 85% das do Sector TIC compraron solucións Cloud computing durante o último ano.

G.18. Compra de servizos de Cloud Computing segundo CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

Por provincias, destaca especialmente o uso do Cloud Computing nas grandes empresas da Coruña e Lugo. Na Coruña, o 36,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as empregan este tipo de servizos, mentres que na provincia de Lugo o 31,9%. Nas microempresas sobresaíe Pontevedra, co 8,6% que contratou solucións de Cloud Computing ao longo do 2024.

G.19. Compra de servizos Cloud Computing segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2023)

Nas empresas con 10 ou máis persoas asalariadas e con sede ou actividade en Galicia que adquiriron servizos de Cloud Computing, os máis utilizados son os de correo electrónico, presentes en máis do 89% das contratacións, seguidos polas solucións de almacenamento de ficheiros, empregadas por máis do 80% das empresas.

Pola súa parte, nas empresas de menor tamaño, as solucións máis destacadas de Cloud Computing son o almacenamento de ficheiros (92,7%), o correo electrónico (73%) e os servidores de bases de datos empresariais (69,2%).

G. 20. Solucións de Cloud Computing: usos

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que compraron algún servizo de Cloud Computing)



- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores / as con sede en Galicia

Fonte: INE (2024)


II.III. Uso, intercambio, analítica e comercio de datos

A analítica de datos consiste no uso de tecnoloxías, técnicas ou ferramentas de software para analizar información e identificar patróns, tendencias ou relacións que permitan extraer conclusións, realizar predicións e mellorar a toma de decisións. O seu obxectivo principal é optimizar o rendemento das empresas a través dun uso máis eficiente dos datos, que poden proceder tanto de fontes internas como externas.

No 2024, só o 34,4% das empresas de 10 ou máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia realiza analítica de datos por parte dos seus propios empregados e a maioría dos datos analizados son sobre rexistros ou transaccións. Nas de menos de 10 empregados/as, o seu uso queda no 6,7%, crescendo máis dun 20% no último ano e igualando así a media estatal.

G. 21. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

G. 22. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE

G. 23. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

A principal clase de analítica de datos realizada nas empresas de 10 ou máis empregados é Rexistro de transaccións, seguido de Datos sobre clientes. Tamén son líderes entre as de menos de 10, pero coa orde invertida.

G. 24. Tipoloxía de analítica de datos que realizan as empresas por parte dos seus propios empregados

(% sobre o total de empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados)




- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia

Fonte: INE (2024)

No 2024, entre as empresas de 10 ou máis empregados, crece a porcentaxe que realiza analítica de datos por un terceiro. No caso das empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia, faíno o 20,8%, o que supón un crecemento do 28,4% respecto ao ano anterior. Nas de menos de 10, queda no 3,9%.

G. 25. Empresas que realizan analítica de datos por un terceiro


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

G. 26. Evolución do Indicador. Empresas realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE

G. 27. Evolución do Indicador. Empresas realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Segundo o sector de actividade, as empresas do sector servizos e as do sector industrial son as que máis realizan análise de datos **por parte dos seus propios empregados**, independentemente do seu tamaño.

As empresas de 10 ou máis empregados/as do sector servizos son, as que en maior medida, **un terceiro realiza a análise de datos**.

G. 28. Empresas que realizan análise de datos por parte dos seus propios empregados segundo actividade.


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

G. 29. Empresas que realizan análise de datos por parte dos seus propios empregados segundo CNAE.


(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)


Segundo a distribución territorial, as empresas de 10 ou máis empregados/as con sede na provincia de Ourense son as que máis analizan os seus datos xa sexa ben por parte dos seus empregados como por un terceiro. As de menos de 10, son lideradas por A Coruña e Pontevedra.

G.30. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus empregados segundo a provincia



Fonte: INE (2024)

G.31. Empresas para las cales un terceiro realiza o análise de datos segundo a provincia



Fonte: INE (2024)



III. Conclusiones

III. Conclusións

INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A adopción da Intelixencia Artificial (IA) no tecido empresarial galego mostra unha tendencia clara ao crecemento, destacando especialmente nas empresas de maior tamaño, con dez ou máis empregados, onde o uso destas tecnoloxías supera a media estatal. Este incremento, que entre 2023 e 2024 foi notable, reflicte unha consolidación progresiva da IA como unha ferramenta estratéxica para a mellora de procesos internos, a optimización de recursos e o fortalecemento da competitividade empresarial.

Con todo, a pesar desta evolución positiva, a implantación nas microempresas continúa sendo limitada, evidenciando aínda unha ampla marxe para a expansión e o desenvolvemento neste segmento. Este ano sobe máis do 100% neste segmento ata o 5,3%, achegándose a só medio punto da media estatal.

Os usos de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as son os relacionados coa seguridade das TIC, as actividades de I+D, ou procesos de produción mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis empregada é a xestión contable, de control ou financeira, adaptando a tecnoloxía ás necesidades dentro de cada empresa segundo o nivel de complexidade y demanda existente.

As solucións de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as son a *análise de datos* mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis demandada é *conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina*.

O sector de servizos destácase como o principal motor desta transformación dixital, liderando o uso de solucións baseadas en IA tanto en empresas grandes como en microempresas.

A preferencia xeneralizada por paquetes comerciais preconfigurados sinala unha tendencia cara á accesibilidade e facilidade de implementación, especialmente nas microempresas, onde as limitacións técnicas e de recursos poden dificultar o desenvolvemento de solucións de IA propias e personalizadas.

A pesar dos avances, persisten obstáculos importantes que limitan a adopción da IA, sendo a *falta de coñecemento* o principal. Superar estas barreiras é fundamental para acelerar a incorporación da IA e aproveitar plenamente o seu potencial transformador.

CLOUD COMPUTING

O Cloud computing consolídase como un pilar esencial na transformación dixital das empresas galegas, cun crecemento significativo na contratación destes servizos, particularmente entre as compañías máis grandes. Esta tecnoloxía facilita o acceso a solucións avanzadas e ofrece maior flexibilidade e eficiencia, aspectos clave para impulsar a dixitalización e a integración da IA.

A compra de servizos de Cloud Computing aumentou nun 16,5% nas empresas de 10 o máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia, acadando o 36,1% e superando a media estatal (31,7%). Nas microempresas a compra destes servizos acada o 6,1%.

Nas empresas galegas con 10 ou máis traballadores/as que contrataron servizos de Cloud Computing, as solucións máis utilizadas son as de correo electrónico, presentes en máis do 89% dos casos, seguidas polas de almacenamento de ficheiros, empregadas por máis do 80% das compañías.

En cambio, nas microempresas, as solucións máis destacadas son o almacenamento de ficheiros (92,7%), o correo electrónico (73%) e os servidores de bases de datos empresariais (69,2%).

ANALÍTICA DE DATOS

O 34,4% das grandes empresas con sede ou actividade en Galicia realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados, mentres nas empresas do estado faino o 31,4%.

Tanto nas empresas de 10 ou máis empregados como de menos de 10, as fontes de datos máis utilizadas son:

- Rexistro de Transaccións: detalles de vendas ou de pagos.
- Datos sobre clientes: información de compras do cliente, localización, preferencias, valoracións e recomendacións, buscas ou datos do sistema de relación co cliente (CRM) ou do sitio web.

IV. Índice de gráficas

G. 1. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA).....	7
G. 2. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España.....	8
G. 3. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España.....	8
G. 4. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade	8
G. 5. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo CNAE.....	9
G.6. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo provincia.....	9
G.7. Solucións de IA nas empresas	10
G.8. Usos da IA nas empresas	11
G.9. Tipoloxía de paquetes de intelixencia artificial nas empresas.....	12
G.10. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial	13
G.11. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial	13
G.12. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial	13
G.13. Empresas que no usan IA: Motivos para non utilizar IA.....	14
G.14. Compra de Servizos de Cloud Computing	15
G. 15. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España	15
G. 16. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España	16
G.17. Compra de Servizos Cloud Computing segundo a Actividade.....	16
G.18. Compra de servizos de Cloud Computing segundo CNAE.....	17
G.19. Compra de servizos Cloud Computing segundo a provincia.....	17
G. 20. Solucións de Cloud Computing: desglose	18
G. 21. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados.....	19
G. 22. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados	19
G. 23. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados	20
G. 24. Tipoloxía de analítica de datos que realizan as empresas por parte dos seus propios empregados	20
G. 25. Empresas que realizan analítica de datos por un terceiro	21

G. 26. Evolución do Indicador. Empresas realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España	21
G. 27. Evolución do Indicador. Empresas realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España	21
G. 28. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados segundo actividade.	22
G. 29. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados segundo CNAE.	22
G.30. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus empregados segundo a provincia.....	23
G.31. Empresas para las cales un terceiro realiza o análise de datos segundo a provincia.....	23



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA